

## **MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NO CONCELLO DE CARBALLO SOBRE O ACCESO A PRAIA DE RAZO**

O Grupo Municipal do Partido Popular de Carballo, ó abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno sobre as:

### ***ACCIONS NECESARIAS PARA INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DISUASORIOS DE VELOCIDADE NO AREAL DE RAZO***

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O areal de Razo é un dos sitios mais concurridos no verán, ademáis de ser un dos estandartes do turismo non só do noso Concello, senón de toda a comarca.

Ten como reclamo varias escolas de surf, que atraen cada ano a centos de viaxeiros que tanto lle atrae este deporte, que mesmo traspasa as fronteiras da nosa Comunidade Autónoma ou as do noso país.

Nos últimos tempos, Razo xa non é so unha visita obrigada no tempo estival para todos os veciños e veciñas da nosa comarca, senon que, cada vez máis, ofrece unha extensa oferta de lecer durante todo o ano, verán e inverno. A oferta hostaleira vai en aumento, e xunto coa necesidade da veciñanza de disfrutar o aire libre, coloca a esta parroquia como referente claro de ocio no noso Concello.

Neste contexto, é preciso dotar medios e realizar investimentos que acompañen este crecemento, e que vaian encamiñados á protección das persoas, en tanto que o obxectivo debese de ser, se converta nun lugar seguro tanto para á veciñanza da parroquia como para os visitantes.

Xa se ten falado noutras ocasións, é son coñecidas as queixas dos veciños e das veciñas, do uso da entrada ó areal e mesmo a explanada como “unha pista de rally” onde os coches e motos campan as súas anchas co risco que esto conleva para os viandantes.

Dende o inicio da rúa Paseo Arenal ata a rúa Paseo Praia e voltando pola rúa Arroaces, é común ver vehículos que transitan a unha velocidade moi superior a permitida, e que xa ten rematado en alguna “disputa” ou “discusión” entre veciños e infractores.

En canto a velocidade da vía, por un lado, temos unha señal vertical de 50km/h na baixada que da entrada a Razo, e por outro, unha sinal de 30km/h no inicio da curva do Paseo Arenal que medio se encontra tapada, con moi pouca visibilidade no medio de maleza e outros elementos que fai que case pase desapercibida.

En canto a pasos elevados, e certo que hai un na entrada (visible, ben identificado e renovada pintura), e un par deles mais adiante (sin identificar nin vertical nin horizontalmente, antigos), pero ningún o largo da zona da explanada nin na rua Arroaces.

Tendo en conta os numerosos incidentes leva a pensar que non son suficientes, e é preciso reorientar ou reforzar ben sexa con novas medidas ou con novos elementos disuasorios de velocidade estes viales de acceso, para frear este tipo de comportamentos.

Sendo conscientes da dificultade que supón interceptar estas infraccións xusto no momento que se producen, pois a pesares das visitas ou controis que poidan levar a cabo as forzas de seguridade da zona competente, pola inmediatez na que ocorren é practicamente imposible coller "infraganti" aos infractores, propoñemos esta iniciativa para intensificar os medios que axuden a frear este tipo de conductas e comportamentos que tanto perigo ocasionan, tanto nas vías de competencia local como nas de competencia da Diputación.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular propón ó Pleno de Carballo a adopción do seguinte punto:

## ACORDO

1. Instalar novos e reforzar os existentes elementos disuasorios de velocidade, ben sexan pasos de peóns elevados ou bandas rugosas, os accesos ao areal de Razo tanto nos viales municipais como nos de competencia Diputación.
2. En canto a velocidade, dado o perigo que supón para os viandantes, modificar a velocidade de circulación no acceso e no entorno de areal tanto nos viales municipais como nos de competencia Diputación.

Carballo a 13 de xullo do 2021

Paula Nogueira Costa

Portavoz Grupo Municipal del Partido Popular